

AÍNDA ESTOU A TEMPO

A miña casa convertérase nunha galería de cousas que xa non uso. Ás veces camiñaba apoiado sobre o meu bastón, sentindo que os mobles mirábanme con mágoa, coma se estiveran sentindo que eu tamén estaban oxidándome por dentro. Ese mércores decidira que o meu faiado non podía seguir sendo o mesmo buraco negro que de costume. Púxen as miñas luvas e comecei a mover aquelas caixas que gardaban anos de silencio.

Entre aquela lámpada rota que nunca chegara a reparar e aquel teléfono fixo, atopeime cunha libreta pequena e rota. A típica libreta que venden en calquera librería de barrio. A intriga de saber que segredos ocultaban aquelas follas venceume. Abrin a libreta e o que máis me sorprende foi ver o papel escrito coa niña letra, firme e coidada, de cando aínda as miñas mans non tremían ao soste un bolígrafo.

"Cousas que facer antes dos trinta", dicía o título, e debaixo, unha lista de cousas que parecía non rematar nunca cunha gran riscadura enriba, orgullosa:

"Sacar o permiso de conducir" "Mercar o meu primeiro coche." "Casarme con Elena", aquela riscadura era a máis grande de todas. Elena era o amor da miña vida e faleceu facía cinco anos, deixándome só dentro desta galería de cousas que non falan. Pero polo menos, ese soño, cumpríamolo os dous, xuntos ata o último alento.

A miña mente viuse mergullada naquela inmensa lista escrita por un xove soñador facía máis de cincuenta anos, os meus ollos dealizábanse naquelas listas riscadas, as cales, ían desaparecendo pouco a pouco...

"Aprender a tocar o piano"

"Levar a avoa ver o mar"

"Pedirlle perdón ao meu irmán"

"Viaxar a Italia."

A miña mirada detívose nesa liña "Pedirlle perdón ao meu irmán": Corenta anos. Corenta. Deixando que unha discusión pesase máis que todo o demais. Díxenlle cousas que non sentía só por non perder, e ao final, perdín igual. Levantamos un muro entre os dous, a ningún se atreveu a saltalo. Agora con oitenta anos doume conta que ese orgullo que sentía era unha estupidez.

Despois fixeime na liña de "levar a avoa ver o mar". Como se me pasara? Que fixen para que tempo o se voltara area e escorreráse entre os meus dedos? Non o sei. Ela quería sentir por primeira vez na súa vida a area da praia nos seus pés, pero á súa idade a enfermidade impedíanllo. Prometinlle que o faría, aínda que fóra só unha vez... pero nunca o fixen.

Pechei o libro de golpe, facendo que o po descendese nun raio de sol que se cooba pola fiestra coma folepas de neve, bailando, coma se se estivera rindo das miñas mans engurradas e do meu bastón.

Tiña que facer algo, antes de que fose demasiado tarde. Arrastrei a cadeira contra o chan de madeira, buscamente. Non podía deixalo pasar outra vez, tiña que buscar a miña avoa, tiña que buscar o meu irmán... Gardei a libreta no meu abrigo, nun peto, enriba do corazón.

Saín á rúa, perdido entre a multitude que ía pasando ao seu, coma unha ráfaga ao meu lado. Tiña que atopar o portal da miña avoa. Aínda lembrome do seu portal, decorado con flores de cores e o seu cheiro a comida rematada de facer. Pero cando cheguei, xa non estaba. En que estaba pensando? A miña avoa falecera cando eu aínda tiña a miña cabeleira negra e non precisaba dun bastón para poder poñerme en pé. Quedeime paralizado. Agora, no no seu lugar había unha tenda de fundas para teléfonos. O local estaba iluminado por moitas luces brancas e tiña a música moi alta no seu interior. Fiquei no exterior, coas miñas mans aínda quentes sobre o frío cristal do escaparate.

Abatido, dei media volta en busca da casa do meu irmán, Óscar. Vivía moi preto, nun terceiro. Ao chegar busquei o seu nome no telefonillo. "Óscar", estaba roto polas esquinas. E toquei o timbre.

-Busca vostede a Óscar? -preguntoume unha muller saíndo do edificio.

-Sí, son o seu irmán -afirmei:

-Pois vai ser difícil que saia, Óscar mudouse coa súa filla fai xa un tempo, a outra cidade... pero non sabería dicirlle ben a onde.

Voltei cara á miña casa, outra vez, cando o ceo xa estaba tinguido polo laranxa do cálido solpor. Senteime no sofá, derrotado por dentro e deixando unha especie de vacío dentro no meu interior que non sabería definir ben de todo. Deixei a libreta sobre a mesa e mireina uns segundos. Non podía renderme, se eu seguía vivo, aínda había algo que facer. Non podía renderme.

Ao día seguinte terminei entrando nunha pequena escola de música do barrio. As teclas do piano non soaban como eu quería, desobedecíanme. Os meus dedos, tesos sobre o instrumento, non eran capaces de tocar unha simple melodía. Pero non deixei de intentalo, así que, voltei ao día seguinte, e ao seguinte, rematei aprendendo a tocar, a finais da semana, algo similar a unha melodía. Apenas sabía seis notas, pero xuntas, soaban harmoniosas. Non era perfecta, pero era a miña.

Decidinme a facer un paso moi importante. Cando voltei, risquei na miña libreta "Aprender a tocar o piano", cunha riscadura grande, orgullosa, cunha forza que nin eu mesmo sabía que tiña. Ata agora. Fiquei contemplando as misións restantes:

"Levar a avoa ver o mar"

"Pedirle perdón ao meu irmán"

"Viaxar a Italia"

Levanteine, ignorando a dor nas miñas costas e dirixinme cara ao meu ordenador de sobremesa. Comecei a buscar avións para Italia. Que va! Demasiado tarde. Demasiado caro. Demasiado lonxe. Saín da páxina e apaguei o dispositivo, vendo a miña mirada cansa reflectida na pantalla negra do ordenador. Xa non había nada que facer.

Voltei outra vez ao sofá, onde deixara alí aquela libreta. Tiña unha idea, aínda podía facer algo. Collín o meu teléfono e marquei o número de miña filla. Facía moito tempo que non falaba con ela, Que ía dicirlle? Tiña tantas cousas en mente... pero ningunha parecía querer saír ben pola boca.

Tardou algo en contestar. Non moito, pero si o suficiente para que a idea de colgar antes de escoitar a súa voz pasara pola miña cabeza.

-Papá? escoitei a súa voz entrecortada ao outro lado do teléfono, con aceno de preocupación e estrañeza na súa voz.

-Ola -dixen, finalmente -párecese ben se vou visitarvos un día destes?

-Sí, claro -afirmou ela, como se non soubera ben que dicir.

-De verdade? -dixen eu, baixiño, coma se así non se romperá a súa palabra.

-Por suposto, ben cando queiras. Aos nenos faralles moita ilusión verte -dixo esta vez con máis confianza.

Fiquei mirando o teléfono durante un rato. Como se fixera algo importante. Non era arreglar máis de corenta anos de silencio ou levar o mar baixo as pés dalguén que xa non estaba aquí. Se non me detiña, aínda había camiño.

Poucos días despois planteine no seu portal, cun ramo de rosas e un paquete de galletas nas miñas mans. Recibiume, ao principio cunha mirada que non sabía interpretar ben de todo. Agarimo? sí, pero sobre todo algo de distancia, coma se non soubera se recibirme con dous bicos ou cunha aperta. Finalmente fixemos ambas cousas torpenente.

De súpeto dúas voces pequenas van correndo cara min coma dous terremotos. Eran os meus netos. Ao verme, agarráronse ao meu pescozo e enchéronme toda a cara de bicos pegañentos. Era curioso, a eles non lles importaba o pasado. E nese momento decatárame de algo moi importante: "Os nenos non te queren por quen es. Quérente porque estás."

-Madre mía... estades enormes -díxenlles rodeándoos nunha gran aperta.

Aquela libreta, aquela maldita libreta tíñame enganado. Pensaba que a vida tratábase de ir riscando cousas, coma quen fai a compra. Pero non.

A mañá seguinte planteime na porta animado e díxenlles: "Imos á praia. A miña filla pensara que me volvera tolo. Pero os que se volveron tolos de verdade foran eles. Corrían, saltaban parecía que lles dixera que iamos á Lúa. Metín no coche as pas, cubos, e un par de toallas vellas.

Xa na praia, senteine na miña cadeira pregable, contemplando como os meus netos corrían, saltaban e gritaban cada vez que unha onda lles tocaba os pés, e de cando en vez un "Mira avó!", deles, mentres corrían cara ao meu lado. Non puideren levar a miña avoa ao mar, pero si puideren a eles. E dalgunha maneira, podía sentir as súas cálidas mans que sempre cheiraban a xabón e a cebola sobre min, agarimándome, e a súa mirada, orgullosa sobre a miña. Creo que ela estaría orgullosa. E velos alí, a eles, era como tela a ela ao meu lado.

Pola noite, ao chegar á casa, gardei aquela libreta nun caixón. Pode que sexa tarde para min para facer moitas cousas, pero non todas. Mentres non me rendese, aínda había algo por facer, sempre había camiño por percorrer. Aínda estou a tempo.

FIN.